

## Calendario do procedemento de admisión e matrícula para o curso escolar 2024/2025

1.	Presentación solicitudes admisión	do 1 ao 20 de marzo
2.	Presentación documentación se as solicitudes superan o número de prazas	do 21 de marzo ao 5 de abril
3.	Publicación listaxes provisionais de admitidos e non admitidos	25 de abril
4.	Publicación listaxes definitivas de admitidos e non admitidos	15 de maio
5.	Formalización matrícula INFANTIL E PRIMARIA	do 20 ao 30 de xuño
6.	Formalización matrícula en ESO e bacharelato	do 23 de xuño ao 7 de xullo

### 1. Presentación da solicitude de admisión: do 1 ao 20 de marzo.

>>. As solicitudes de admisión (ED550B) presentaranse preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes **presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude de admisión deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a menor de idade non emancipado. **Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexo II-bis).**

A solicitude de admisión (ED550B), presentada telemáticamente ou presencialmente no centro, deberá ir acompañada da **seguinte documentación**:

- **Copia do libro de familia** ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- **Sentenza xudicial** de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor (de ser o caso).
- **Certificado de matrícula** do centro de orixe (de ser o caso).

>> Os **formularios normalizados de solicitude** e de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora tamén estarán accesibles:

- a) Na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>
- b) No portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- c) Nas dependencias dos centros docentes.

**2.** No caso de que o número de solicitudes de admisión superase ao de prazas ofertadas, as prazas serán asignadas mediante un proceso de baremación.

O prazo para entregar a documentación que acredite os criterios alegados por cada solicitante será **do 21 de marzo ao 5 de abril**.

**3.** Publicación<sup>(1)</sup> das **listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos:  
**25 de abril.**

**Reclamacións a listaxe provisional:** no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación, ante o consello escolar.

**4.** Publicación<sup>(1)</sup> das **listaxes definitivas** de admitidos e non admitidos:  
**15 de maio.**

**Impugnación das listaxes definitivas:** as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

<sup>(1)</sup> As listaxes poderanse consultar presencialmente no taboleiro de anuncios do interior do centro ou na aplicación “admisionalumnado” coa a chave 365 ou certificado dixital.

## Zona de influencia do centro

**A área de influencia** comprende os seguintes lugares:

Arra, Baltar, Barbeito, Barrosa, Canelas, Catadoiro, Fabal, Iglesia (Santa María de Adina), Montalvo, Outeiro, Paxariñas, O Pombal, Rial, Torre, Vichona, Vistalegre e Xesteiriña.

**Área limítrofe:** Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia de:  
CEIP Plurilingüe A Florida, CEIP Plurilingüe Cruceiro, CEIP de Noalla-Telleiro,  
CEIP Plurilingüe de Nantes, EEI de Aios.

## IES ao que está adscrito o centro

IES de Sanxenxo

## Servizos complementarios que ofrece o centro

### **Transporte Escolar**

*Ruta Adina:* Pombal - Cemiterio - Igrexa - Xesteiriña - A Vichona

*Ruta Baltar:* Centro Saúde - Depósito

*Ruta Arra:* Sixto - Camping Suavila - Arra Pobo - Cruce Catadoiro

**Comedor xestionado pola ANPA:** [anpa.ceip.portonovo@hotmail.com](mailto:anpa.ceip.portonovo@hotmail.com)

**As familias poderán consultar na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>):**

- a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).